USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Área de Integración
SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E INTEGRACIÓN UNIVERSITARIA
Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social
Universidade de Santiago de Compostela

Campus de Santiago de Compostela:
Casa Jimena e Elisa Fernández de la Vega
R/Casas Reais, 8
15782 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 563 100 Ext. 12858/12859/12864
Correo electrónico: sepiu.santiago@usc.es

Campus de Lugo:
Servizos Centrais do Campus de Lugo.
Edificio Biblioteca Intercentros.
27002 Lugo
Teléfono: 982 285 900 Extensión: 23594/23573
Correo electrónico: sepiu.lugo@usc.es

Autores:
Mª Cristina Boo Paradela
Javier Fernández Agrafojo

DISCAPACIDADE VISUAL: Texto revisado pola Organización Nacional de Cegos (ONCE).
DISCAPACIDADE FÍSICA: Texto revisado pola Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI).
DISCAPACIDADE AUDITÍVA: Texto revisado pola Federación de Xordos do País Galego (FAXPAGA).
ENFERMIDADES MENTAIS: Texto revisado pola Confederación española de Agrupacións de familiares e persoas con enfermidades mentais (FEAFES).

ÍNDICE

A Universidade de Santiago de Compostela defínese a si mesma como a *Universidade das Persoas,* xa que a preocupación constante por elas é un dos seus obxectivos de absoluta prioridade.

Partindo deste obxectivo e traballando no eido da sensibilización, a Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social, en colaboración coas entidades relacionadas con cada un dos ámbitos específicos, decide editar os Protocolos para a Integración.

Mediante a edición destes Protocolos e a distribución dos mesmos entre toda a comunidade universitaria, a USC pretende, por unha banda, favorecer o coñecemento das distintas realidades e necesidades das persoas con diversidade funcional dentro da nosa comunidade e, ao mesmo tempo, estimular a formación e capacitación das persoas con algún tipo de discapacidade.

Por outra banda, a edición destes Protocolos pretenden fomentar e facilitar a participación das persoas con diversidade funcional nos estudos superiores e, ao mesmo tempo fomentar a participación da comunidade universitaria no proceso de normalización do acceso, permanencia e remate dos estudos superiores por parte das persoas con discapacidade.

Na edición destes Protocolos teñen colaborado directamente as seguintes entidades: Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI), Federación de Asociacións de Xordos do País Galego (FAXPGA), ONCE e Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental (FEAFES-Galicia); todas elas teñen dado o seu visto e prace á redacción dos Protocolos relacionados con cada unha das discapacidades e a todas queremos darlle as grazas.

Agradecer tamén aos traballadores do Servizo de Participación e Integración Universitaria que fixeran posible a edición destes Protocolos necesarios e pioneiros. A todas as voluntarias e voluntarios colaboradores do Servizo de Participación e Integración Universitaria que levan desenvolvendo actividades e colaboracións dende vai máis de dez anos.

A todas e todos eles, moitas grazas.

José Manuel Mayán Santos
Vicerreitor da Comunidade Universitaria e Compromiso Social



1. PROTOCOLO DE INTEGRACIÓN PARA ESTUDANTES CON DISCAPACIDADE VISUAL

1.1 Concepto de discapacidade visual

O concepto de discapacidade visual engloba un grande abano de patoloxías e formas de perda visual. Cando falamos de persoas cegas debemos distinguir entre o termo legal e o funcional. Segundo o termo legal é cega calquera persoa que teña menos do 10% de *agudeza visual* ou que teña unha redución do *campo visual* a 20º ou menos. Non obstante se atendemos á funcionalidade podemos distinguir entre:

▪ Cegueira total ou parcial: sófrena aqueles que non ven nada ou que teñen unha visión tan limitada que só lles permite percibir a luz e, por contraste, a sombra dalgúns obxectos voluminosos.

▪ Deficiencia visual ou baixa visión: concepto que se utiliza para denominar a aquelas persoas que, coa mellor corrección posible, poden ver ou distinguir, aínda que sempre cunha gran dificultade, algúns

obxectos, letras, recoñecen caras, etc., a unha distancia moi curta. Algunhas das deficiencias visuais máis frecuentes no ámbito universitario son a miopía magna, a retinopatía diabética, as distrofias pigmentarias, nistagmus, atrofia do nervio óptico...

As sensacións auditivas, olfactivas, hápticas e térmicas ocupan un lugar preeminente na experiencia sensorial das persoas cegas. Estas persoas conforman o seu mundo con sons, olores, texturas, temperaturas, información toda ela que reciben a través da actividade do seu propio corpo e a través da información verbal. A estimulación por estas vías presenta múltiples dificultades, por exemplo, as experiencias táctiles teñen as limitacións derivadas da necesidade de contacto directo co obxecto: moitos son por si mesmos inaccesibles ao tacto, outros demasiado grandes ou demasiado pequenos ou fráxiles polo que o seu coñecemento é imposible por vía directa. Nalgunhas ocasións o obxecto só posúe unha parte accesible ao tacto polo que a persoa se fai unha idea parcial da realidade. Aínda que os alumnos cegos teñen unhas peculiaridades específicas e unhas limitacións innegables, respecto a unha persoa vidente, posúen un aparato psíquico capaz de representar o mundo dunha forma cualitativa diferente, capaz de adaptar a súa evolución e funcionamento psicolóxico á información sensorial de que dispoñen.

1.2 Regras básicas de actuación e comunicación

Cando nos relacionemos con persoas cegas debemos contemplar unha serie de regras básicas que aínda que poidan parecer evidentes non sempre as temos en conta. Describiremos as situacións máis comúns:

▪ Saudar a unha persoa cega: no caso de que el non nos estenda a súa man collerémoslla para facerlle saber que queremos saudala. Sempre que sexa o noso primeiro contacto coa persoa debemos presentarnos

indicándolle sempre que proceda quen somos e que facemos. Debemos facer isto, sempre, as primeiras veces que nos atopamos, sobre todo se é nun contexto moi ruidoso, como pode ser unha aula...

▪ Sentarse: é importante sinalarlle á persoa cega onde debe sentarse, se se trata dunha cadeira colocaremos a súa man no respaldo desta e indicaremos que ten a cadeira diante.

▪ Conversación: non debemos elevar o ton de voz e tampouco debe darnos reparos usar palabras como: ver, mirar, cego... o que non debemos é xesticular substituíndo a linguaxe oral. Se por algún motivo nos temos que marchar avisaremos, o mesmo que cando esteamos de volta.

▪ Sinalar a situación de obxectos: non debemos acompañar as indicacións con xestos que non se poden ver e con palabras sen referencias concretas, como "aquí" ou "alí". Debemos pois ofrecer máis detalles con información relativa a súa situación espacial para que resulte máis doada a súa localización, como por exemplo: "á dereita da mesa", " á túa dereita"... outra opción e conducir a súa man cara ao obxecto.

Para as persoas en xeral, e cegas en particular, é moi fácil atopar as cousas cando se mantén a orde que aprenderon, todos mecanicamente o facemos aínda que non sexamos conscientes, polo tanto é imprescindible que todos os obxectos se manteñan na orde habitual, no caso de que sexa preciso cambialos debe avisárselles.

As persoas con resto visual, ademais da orde, teñen unha grande axuda se ao ofrecerlles as cousas ou indicarlles a súa situación utilizamos fondos que presenten un gran contraste.

1.3 Recomendacións sobre a metodoloxía didáctica

Discapacidade visual nas aulas

Aos estudantes con discapacidade visual nas aulas, debe permitírselles o uso de gravadoras e outro material tiflotécnico habitual utilizado polo alumnado con discapacidade visual: ordenadores portátiles con lectores de pantalla, magnificadores e anotadores electrónicos. Se ao profesorado lle resulta incómodo que se graven os comentarios que se fan ao fío das explicacións, pode manexar el a gravadora.

É vital para a inclusión destas persoas o fomento da colaboración entre compañeiros a través da realización conxunta de traballos, préstamo ou lectura de apuntamentos, etc.

Toda a información visual que lles ofreza o profesorado ao alumnado en formato visual debe ser verbalizada para os alumnos con discapacidade visual.

O material deberá entregárselle ao alumnado coa maior antelación posible, o máis operativo é facelo en formato dixital, para que poida léelo no seu ordenador ou anotador falante. Se é en texto debe presentarse impreso nunca manuscrito ou en fotocopias ampliadas no caso do deficiente visual.

Esta recomendación debe seguirse para a bibliografía das materias, pois permitiralle ao alumno solicitar os libros necesarios á ONCE o antes posible.

No referente aos exames, no caso de que o alumnado solicite a transcrición a braille da proba escrita a través da ONCE o profesorado debe ter en conta, que debe facerse cunha antelación non inferior a quince días.

Cando se decida facer o exame oral debe gravarse para poder facer a

revisión. O incremento do tempo da proba dependerá do tipo de exame e pode ser de ata un 50% da duración total.

Recomendacións para presentar materiais escritos:

Algunhas das recomendacións a ter en conta están en relación co tipo de letra, tamaño da fonte, grosor, estilo de escritura...

Tipos de letra: recoméndase usar só o tipo "Arial" ou "Verdana", aínda que tamén poden usarse as que teñen terminacións finais. As menos recomendadas son as oblicuas, condensadas ou itálicas. Estas mesmas recomendacións teranse en conta para os números. Respecto ao tamaño da letra deben utilizarse fontes de 12 ou 14 puntos e o grosor máis adecuado é o normal ou negriña.

Respecto ao tamaño da letra deben utilizarse fontes de 12 ou 14 puntos e o grosor máis adecuado é o normal ou seminegriña. (Verdana , 9)

Respecto ao tamaño da letra deben utilizarse fontes de 12 ou 14 puntos e o grosor máis adecuado é o normal ou seminegriña. (Verdana, 12 negriña)

Tamén temos que ter en conta que só deben usarse as maiúsculas, en palabras curtas e preferiblemente para títulos, sinais, etc. O texto lese con maior facilidade cando está escrito en tipo oración.

A separación entre letras recoméndase que sexa ¼ da altura da letra e o espazo entre liñas debe estar en relación coa fonte e co tamaño utilizado. O espazo entre unha liña e a seguinte será aproximadamente un 25-30% do tamaño do punto.

A SEPARACIÓN ENTRE LETRAS RECOMÉNDASE... (correcto)

A S E P A R A C I Ó N E N T R E L E T R A S R E C O M É N D A S E . . . (incorrecto)

A lonxitude das liñas debe estar entre 70 e 90 caracteres. As liñas que son demasiado longas ou demasiado curtas producen fatiga ocular.

Cando se escribe en columnas, a separación entre unha e outra será clara e marcada, sen estar demasiado próximas nin separadas unhas das outras, ademais non deben intercalarse imaxes entre elas.

Os parágrafos deben ser curtos e con termos concisos, separados uns dos outros cunha liña.

A cor do papel e da tinta ofrecerá o mellor contraste posible, que se dá, cando o papel e de cor branca ou amarela e a tinta negra. Ademais debe terse en conta que o papel debe ser mate e o seu grosor debe impedir que a impresión dunha páxina interfira na lectura das palabras escritas na outra.

A información dos títulos presentarase con letra grande e clara. No caso de que se trate dunha publicación situarase sempre na mesma parte da páxina.

As fotografías serán sinxelas e sen moitos detalles, presentando un bo contraste entre fondo e imaxe. Non deben usarse intercaladas entre o texto, sendo máis recomendable que se sitúen á súa dereita. Se se colocan ao lado esquerdo do texto este manterase xustificado na súa parte esquerda. Se en lugar de fotos se utilizan debuxos, esquemas, etc., procurarase que estean realizados en trazos sinxelos e grosos, con poucos detalles e sobre un fondo sen imaxes.

Non se recomendan os textos que non estean escritos en horizontal, como por exemplo, os títulos nas portadas dos traballos. Terase en conta a súa

xustificación á esquerda, pois isto axuda a encontrar o principio da liña. Se se xustifica todo o texto procurarase que os espazos entre as palabras sexan regulares, pois do contrario é preferible non facelo.

Se se trata de publicacións voluminosas, terase en conta que a marxe central debe ser maior que nunha publicación estándar, pois a lectura con axudas ópticas fai que as palabras que se atopan na parte interna, preto da encadernación, perdan o seu enfoque e nitidez se se atopan moi cerca dela.

1.4 Axudas no desprazamento

Neste ámbito e moi importante proporcionar un ambiente adecuado. Ás veces deben modificarse as condicións físico-ambientais eliminando obstáculos que os videntes non consideramos como tales (paraugueiros, papeleiras...) ou elementos de seguridade colocados á altura do tronco ou cabeza.

Antes de ofrecer axuda preguntar sempre se a necesita, no caso de que a necesite empregaremos a *técnica do guía*.

Primeiro a persoa cega localiza o cóbado da persoa vidente e coloca a man na zona interna do brazo, por encima del. O guía debe ir medio paso por diante e así o cego notará calquera cambio na marcha. Debemos evitar en todo momento movementos bruscos.

Ao aproximarnos a unha escaleira indicarémoslle se é de subida ou de baixada, o guía debe parar e a persoa cega notará a pausa. Seguidamente o guía sube ou baixa o primeiro chanzo e a persoa cega seguirá un chanzo detrás del. Ao finalizar o guía detense e espera ata que a persoa cega termine de subir ou baixar.

Na utilización dos medios de transporte o guía debe indicarlle onde se atopa a porta de entrada, así como as barras onde debe suxeitarse.

Para evitar golpes convén saber que moitos obstáculos non se poden

detectar, ben pola súa mala colocación ou por inesperados, por estar fóra do seu lugar habitual. Polo tanto, deberemos ter especial coidado con portas, fiestras, armarios, caixóns e cadeiras. Respecto ás portas e fiestras deben estar ou totalmente abertas ou totalmente pechadas, e os caixóns pechados. As cadeiras deben estar colocadas debaixo das mesas ou ben pegadas a paredes e nunca dispersas pola habitación.

1.5 Recomendacións para ter en contar cos cans guía

Os cans guía son animais amigables que requiren atención e afecto sempre e cando non se atopen traballando. A súa saúde é excelente e seguen un estrito control veterinario. Tamén e importante saber que todas as persoas acompañadas por un can guía teñen garantido por disposicións legais o acceso a lugares, aloxamentos, locais, transportes...

- Cando o can guía está traballando non se lle pode distraer.
- Nunca se lle debe ofrecer comida.
- Os seus compañeiros, profesores e demais non deben sentir medo son animais dóciles e moi ben educados.
- Non solte o seu can cando se atope cun can guía.
- Ninguén que non sexa o usuario debe tocar o arnés dun can guía.

1.6 Axudas técnicas específicas

É fundamental coñecer as axudas técnicas que utiliza o alumno. No caso dos alumnos cegos é moi importante a provisión de materiais e recursos específicos, xa que con eles preténdese superar a dificultade ou imposibilidade do acceso á información escrita ou codificada.

Entre os materiais específicos que acostuman precisar os alumnos con déficit visual cabe destacar os seguintes:

- Libros braille.
- Anotador falante ou un ordenador adaptado con magnificador ou lector de pantalla.
- Axudas ópticas: lupas, microscopios, telescopios...
- Axudas electrónicas: lupas televisión.
- Gráficos, mapas ou representacións de láminas, realizados de forma artesanal ou mediante aparatos especiais que permiten reprodución en relevo (Thermoform, forno Ricoh, etc.).
- Sistemas de lectura dixital:SISTEMAS DAISY.
- Calculadoras falantes, de diferentes tipos e tamaños, que realizan dende as operacións máis elementais ata as científicas/financeiras/ estatísticas.
- OCR (Recoñecedores Ópticos de Caracteres) e lectoras persoais: entrada en tinta e saída en voz.
- Sistemas de acceso á pantalla para deficientes visuais: Programas ou sistemas de magnificación de caracteres. No caso de que sexan cegos totais con lectores de pantalla.
- Aparatos para prácticas de laboratorio adaptados.

1.7 Glosario

Adaptacións tiflotécnolóxicas: a tiflotecnoloxía é a utilización de axudas de acceso á información para persoas con discapacidade visual. Referímonos pois á adecuación mecánica, electrónica ou informática de todas as ferramentas empregadas no proceso de formación e/ou laboral da persoa con discapacidade visual.

Ambliopía: é a perda da capacidade dun ollo para ver os detalles. Esta afección aparece nun ollo causada pola súa falta de uso dese ollo durante a primeira infancia.

Astigmatismo: defecto de visión debido á curvatura irregular das superficies de refracción do ollo.

Braillespeak: aparato portátil con teclado braille e voz sintética que realiza diversas funcións: creación de arquivos, calculadora, axenda electrónica... Posúe porto de serie, o que fai posible a súa conexión ao ordenador ou a unha impresora de tinta ou braille.

Campo visual: é a área total na cal un obxecto pode ser visto na visión periférica mentres o ollo está enfocado nun punto central.

Estrabismo: é un trastorno que provoca o desaliñamento dun ollo con respecto ao outro ao enfocar.

Miopía: a miopía ocasiona visión borrosa cando a imaxe visual é enfocada en fronte da retina e non directamente sobre ela. Isto preséntase cando a lonxitude física do ollo é superior á lonxitude óptica. Por esta razón, a miopía xeralmente desenvólvese en nenos ou adolescentes en idade escolar que están medrando rapidamente e progresa durante os anos de crecemento, requirindo cambios frecuentes nos anteollos e lentes de contacto. Unha persoa con miopía ve claramente os obxectos próximos, namentres que os afastados veos borrosos.

CONCLUSIÓNS DO PROTOCOLO PARA DISCAPACIDADE VISUAL

CONCLUSIÓNS XERAIS

- Preguntar antes de ofrecer axuda.
- Non forzar a recibir axuda innecesaria.
- Evitar a sobreprotección.
- Non xeneralizar, o comportamento dunha persoa con deficiencia visual non ten por que ser igual ao doutra.

REGRAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN E COMUNICACIÓN

- Falar nun ton normal, a modo e claro.
- Non substituír a linguaxe verbal por xestos.
- Ser específico e preciso.
- Non usar palabras como "aquí", "alí", "aquilo"...
- Empregar normalmente as palabras como "ver" "mirar"...
- Evitar exclamacións que poidan provocar ansiedade á persoa tales como "coidado", "¡ai!", "¡ai!"...
- Dirixirse directamente á persoa con deficiencia visual para saber o que quere ou desexa e non ao acompañante.
- Chamar á persoa polo seu nome para que teña claro que nos diriximos a el/ela.
- Presentarse, identificarse co fin de que a persoa saiba con quen se atopa.
- Para saudar, se a persoa non estende a man podemos collerlla para facerlle saber que queremos saudala.
- Avisar á persoa cando marchemos e cando regresemos.
- Indicarlle que persoas están presentes.
- Comunicar, se é necesario, o que se está facendo ou se vai facer.
- Manter un contorno ordenado.
- Para previr golpes ou accidentes os obxectos estarán sempre no seu sitio.
- As portas e fiestras totalmente abertas ou pechadas.
- As cadeiras colocadas debaixo das mesas ou pegadas á parede.
- Portas de armarios e caixóns totalmente pechados.
- Empregar o contraste entre fondos.

RECOMENDACIÓNS SOBRE A METODOLOXÍA DIDÁCTICA

- Facilitar os apuntamentos con antelación.
- Permitir o uso do material técnico habitual empregado polo alumnado con discapacidade.
- Permitir tempos máis prolongados para a entrega de traballos e para a súa exposición oral.
- Fomento da colaboración entre compañeiros.
- O material deberá entregárselle ao alumnado coa maior antelación posible e a poder ser en formato dixital.
- O profesorado terá en conta sempre os prazos para mandar a transcribir os materiais (exames, apuntamentos...) á ONCE.

RECOMENDACIÓNS A TER EN CONTA PARA PRESENTAR MATERIAIS ESCRITOS

- Tipo de letra: Verdana , Arial (12 ou 14 puntos).
- Só empregar maiúsculas para palabras curtas, títulos...
- A separación entre letras debe ser ¼ da altura da letra.
- A separación entre liñas: 25-30% do tamaño do punto.
- Lonxitude das liñas: debe estar entre 70 e 90 carácteres.
- A cor do papel e a tinta deben ofrecer o mellor contraste posible.
- As fotografías serán sinxelas e sen moitos detalles, presentando un bo contraste entre fondo e imaxe.

RECOMENDACIÓNS PARA O DESPRAZAMENTO

- Usaremos a *técnica do guía*.
- Ao aproximarnos a unha escaleira, indicarémoslle se é de subida ou baixada.
- Nos medios de transporte indicarémoslle onde se atopa a porta de entrada e a barra onde debe suxeitarse.



2. PROTOCOLO DE INTEGRACIÓN PARA ESTUDANTES CON DISCAPACIDADE AUDITIVA

2.1 Concepto de discapacidade auditiva

Entendemos por discapacidade auditiva o que tradicionalmente se considerou como xordeira. Este termo usase xeralmente para describir todos os tipos e graos de perda auditiva, de forma que o uso do termo pode facer referencia tanto a unha perda auditiva leve como profunda. As persoas con discapacidade auditiva pódense clasificar en dous grandes grupos:

a.- Hipoacúsicos: persoas con audición deficiente que teñen funcionalidade para a vida diaria, aínda que co emprego de próteses auditivas.

b.- Xordos profundos: persoas que presentan perda auditiva severa ou profunda que non lles permite o aproveitamento de restos auditivos co uso de audiófonos. Para estes alumnos a canle visual convértese na

principal vía de entrada da información. Algúns poden desenvolver técnicas de lectura labio facial e outros prefiren usar a Lingua de Signos Española, aínda tendo coñecementos de lectura labio facial.

A xordeira trae consigo unha forma diferente de percibir e de vivir no mundo, sendo a Lingua de Signos unha das principais respostas que as persoas xordas dan a súa situación. Non todas as persoas xordas utilizan esta Lingua, moitas intentan aproveitar os seus recursos auditivos a través de próteses auditiva.

2.2 Regras básicas de actuación e comunicación

Aínda que as persoas con discapacidade auditiva posúen as mesmas características cognitivas e sociais que o alumnado con audición, é preciso ter en conta unha serie de recomendacións que facilitarán a súa inclusión durante o proceso educativo.

Entenderemos mellor as recomendacións seguintes se coñecemos que é fundamental para estas persoas a utilización de medios de información alternativos, recibidos a través de códigos visuais: subtítulos, carteis, rótulos, sinais, etc., que substitúan a información emitida habitualmente por vía auditiva.

Moitas persoas con discapacidade auditiva utilizan como medio de recepción a lectura labial, pero ten moitas limitacións: existencia dunha mala iluminación, elementos de distracción, ampla distancia entre emisor e receptor, mala vocalización, etc.

Para dirixirmos a unha persoa xorda e chamar a súa atención serán suficiente un par de leves toques no brazo ou no ombreiro.

Co obxectivo de manter unha comunicación fluída con estas persoas debemos falar sempre de fronte e buscando a mellor iluminación posible para poder facilitar a lectura dos beizos.

É moi importante vocalizar claramente e a unha velocidade media constante, para conseguilo manteremos a zona da boca libre de "barreiras" que dificulten a vocalización: caramelo, chicle, bolígrafo, barba/bigote... Outra recomendación importante é a de utilizar frases breves e concisas.

En todo momento debemos manter a tranquilidade, non berrar e escoller a estratexia máis adecuada para comunicarnos, axudándonos de xestos e signos sinxelos, e incluso coa escritura.

Se vamos andando e falando cunha persoa xorda debemos xirar a cabeza para que poida ler ben os beizos e tamén ao signar. No caso de que non entendamos o que quere dicirnos non debemos ter reparo en pedirlle que o repita.

Cando o estudante se atopa na aula a situación cambia, xa non está cara a cara cos seus interlocutores, esta situación provoca novas dificultades que podemos compensar tendo en conta unhas regras básicas.

Debemos intentar manter un ambiente silencioso e reservar para o alumno discapacitado un posto en primeira fila o máis centrado posible.

O profesor debe impartir a clase de fronte ao alumno cunha distancia inferior a tres metros, evitar os paseos pola aula e sempre que sexa posible, presentar toda a información en soporte visual.

É importante contar cun taboleiro para avisos escritos sobre datas de exames, prazos de entrega para traballos, cambios de horarios, etc.

En función das necesidades do alumnado facilitarase a estancia na aula dun interprete en Linguaxe de Signos ou permitirase o uso dos recursos técnicos que o alumnado con discapacidade auditiva precise (equipo de frecuencia modulada).

Como xa temos comentado para outras discapacidades, os profesores deben fomentar en clase o apoio entre iguais, de maneira que algúns alumnos da clase colaboren axudando e apoiando aos seus compañeiros con discapacidade.

2.3 Recomendacións sobre a metodoloxía didáctica

Os profesores deben ter en conta as seguintes recomendacións para posibilitar unha mellor inclusión do alumnado con discapacidade auditiva.

Sempre que sexa posible os profesores deben facilitarlle a información das súas materias (programa, apuntamentos, criterios de avaliación...) e máis especificamente de cada clase (esquemas, transparencias, presentacións en powerpoint, diapositivas...). Nas clases deben procurar non abusar da exposición oral, intercalando outras actividades.

É importante estimular ao alumnado con discapacidade auditiva a utilizar as novas tecnoloxías (correo electrónico, foros telemáticos se se dispuxese de páxina web para as materias...) para facilitar dunha forma sinxela a comunicación cos seus profesores e compañeiros.

Cando chegue o momento da avaliación os profesores terán en conta que dependendo do tipo de exame estes alumnos necesitaran unhas ou outras adaptacións.

Sempre que sexa preciso contarase cun intérprete de Lingua de Signos nos exames. O profesor debe dirixirse ao alumno e non ao intérprete.

No caso dos exames escritos pode que lle xurdan dúbidas sobre algunhas palabras, o profesor debe intentar resolver estas dúbidas empregando outras, vocalizando claramente ou reescribindo a pregunta cunha estrutura lingüística máis sinxela. É importante que o profesorado non confunda os erros sintácticos que cometen estes alumnos cos de contido da materia. Nalgúns casos pode ser preciso permitirlle ao alumno que use un dicionario de sinónimos e antónimos e incrementar o tempo da proba (o aconsellado é un 25%).

Proporcionar as instrucións ou normas por escrito, de maneira que sexan perfectamente comprensibles facilitará o proceso de avaliación tendo en conta ademais, que calquera información que se faga oralmente ao grupo en exames escritos debe comunicarse por escrito ao alumnado xordo.

2.4 O Intérprete de Lingua de Signos e a Lingua de Signos Española

A Lingua de Signos é a lingua natural das persoas xordas. A Lingua de Signos non é universal. Cada país posúe o seu propio idioma. En España utilízase a Lingua de Signos Española (L.S.E.) e, no ámbito de Cataluña a Lingua de Signos Catalá (L.S.C.). A razón é que as distintas comunidades de persoas xordas estableceron signos propios para designar os distintos conceptos, así como estruturas gramaticais propias.

A figura do intérprete de Lingua de Signos xoga un papel fundamental en calquera sociedade que pretenda dar verdadeira participación ás persoas xordas. Eles actúan coma ponte de comunicación coa sociedade oínte. Dende 1998 os intérpretes son formados a través do Ciclo Superior de Interpretación de Lingua de Signos e desenvolven o seu labor baixo un código ético no que se inclúen prescricións tales como a neutralidade e confidencialidade das súas actuacións.

A función principal do intérprete é servir de ponte comunicativo entre os estudantes xordos e os demais membros oíntes nas diferentes situacións do contexto educativo.

2.5 Apoios técnicos específicos

Axudas técnicas que amplifican e/ou modifican o son e favorecen a información por vía auditiva:

4 Audiófonos.

5 Amplificadores de mesa.

6 Equipos de reeducación auditiva.

7 Implantes cocleares que codifican o son.

8 Equipos individuais de frecuencia modulada.

9 Equipo por cable ou amplificador fixo.

10 Espiral magnética ou aro magnético.

11 Equipos por luz infravermella.

12 Equipos complexos que levan asociada a amplificación.

Axudas técnicas tradutoras do son e que favorecen a información por vía táctil:

13 Sistemas táctiles.

14 Vibradores.

15 Fonator de Siemens.

16 Articulador vibrotáctil "Trill".

Axudas técnicas que ofrecen información visual dos sons:

17 Equipos luminosos: aparecen cores segundo a intensidade dos sons.

18 Información espectrográfica da voz humana.

Materiais informáticos:

19 Programas de suplencia da canle auditiva pola canle visual: SAS, ISOTON, AUTOCUER.

20 Programas de axuda á lectura.

21 Programas interactivos de simbolización e avaliación da linguaxe.

22 Programas da tarxeta VISHA.

2.6 Glosario

Barreiras de Comunicación: son todos os obstáculos que impiden ás persoas xordas acceder á información. Dende a falta de subtítulos e de programas signados na televisión e no cine ata a ausencia de intérpretes nas distintas esferas da sociedade, son moitas as barreiras de comunicación ás que se enfrontan as persoas xordas.

Interprete de Lingua de Signos: a figura do intérprete de Lingua de Signos xoga un papel fundamental en calquera sociedade que pretenda dar verdadeira participación ás persoas xordas. Eles actúan coma ponte de comunicación coa sociedade oínte. Dende 1998 os intérpretes son formados a través do Ciclo Superior de Interpretación de Lingua de Signos e desenvolven o seu labor baixo un código ético no que se inclúen prescricións tales como a neutralidade e confidencialidade das súas actuacións.

Lingua de Signos: é a lingua natural das persoas xordas. A Lingua de Signos non é universal. Cada país posúe o seu propio idioma. En España utilizase a Lingua de Signos Española (L.S.E.) e, no ámbito de Cataluña a Lingua de Signos Catalá (L.S.C.). A razón é que as distintas comunidades de persoas xordas estableceron signos propios para designar os distintos conceptos, así como estruturas gramaticais propias.

Lectura dos beizos: acción que permite interpretar unha mensaxe a través do movemento da boca e rostro. É un mito moi estendido considerar que as persoas xordas poidan comunicarse perfectamente coas oíntes grazas ás súas dotes para a lectura labial. A lingua oral está concibida para transmitirse por vía auditiva e só é parcialmente visible. Hai moitas variables que impiden a comprensión das mensaxes na lectura dos beizos: a falta de luz, a habilidade do falante, a habilidade do receptor, a capacidade para vocalizar, o coñecemento previo do vocabulario que se está utilizando...

CONCLUSIÓNS DO PROTOCOLO PARA ESTUDANTES CON DISCAPACIDADE AUDITIVA

REGRAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN E COMUNICACIÓN

- Para chamar a atención destas persoas bastará con darlle uns leves toques no brazo ou ombreiro.
- Falar sempre de fronte e buscando a mellor iluminación posible.
- Débese vocalizar con claridade, a unha velocidade media constante, mantendo a zona da boca libre de "barreiras".
- Empregar frases breves e concisas e xestos e signos sinxelos.
- Nunca se debe berrar.

RECOMENDACIÓNS SOBRE A METODOLOXÍA DIDÁCTICA

- Na aula intentar manter un contorno silencioso e reservarlles os primeiros sitios.
- O profesor debe impartir a clase de fronte ao alumno cunha distancia inferior a tres metros, evitando os paseos pola aula.
- Sempre que sexa preciso facilitarase a estancia na aula dun interprete da Linguaxe de Signos ou o uso dos recursos técnicos precisos.
- Os profesores facilitaranlle toda a información da materia coa antelación suficiente.
- Debe estimularse a estes alumnos para que usen as novas tecnoloxías para comunicarse (correo electrónico, foros telemáticos...)
- Establecer prazos de entrega máis prolongados para traballos, exames...



3. PROTOCOLO DE INTEGRACIÓN PARA ESTUDANTES CON DISCAPACIDADE FÍSICA

3.1 Concepto de discapacidade física

Considérase como discapacidade física aquela na que aparecen limitacións na execución de movementos que implica en distinto grao ás funcións de desprazamento e/ou manipulación, funcións bucofonatorias ou da respiración que limita á persoa no seu desenvolvemento persoal ou social pero non ten por que interferir nos procesos de cognición e aprendizaxe, aínda que pode haber procesos nos que estas persoas sexan máis lentas.

As discapacidades motrices máis frecuentes no contexto universitario son: parálise cerebral, espiña bífida e discapacidades derivadas de accidentes.

A pesares de que asociamos con frecuencia discapacidade física con cadeira de rodas hai que ter en conta que non todos a empregan, xa que tamén poden valerse de muletas, bastóns ou incluso non precisar ningún tipo de apoio.

Tamén incluímos neste tipo de discapacidade ás persoas cunha enfermidade crónica que lles obriga a asistir a tratamentos, revisións,

impedindo en ocasións a asistencia regular ás clases, prácticas e demais responsabilidades.

3.2 Adaptacións físico-ambientais e regras básicas de actuación

Debido ao emprego de sistemas alternativos para a deambulación (cadeiras de rodas, bastóns, andadores...) é necesario eliminar todas aquelas barreiras arquitectónicas no campus que lle impidan ao alumno desprazarse con total autonomía.

Os chanzos das entradas e accesos deben suprimirse, instalando pequenas ramplas de pendente suave como máximo cunha inclinación entre un 6 e un 10%. Respecto ao pavimento debería de ser liso, antiesvarante e sen grandes desniveis.

As portas deben ser espazosas, cun vano de polo menos 80 centímetros, ademais disporán dun picaporte en forma de panca ou barra horizontal que se accione premendo.

Nas facultades, colexios maiores, residencias e demais instalacións os corredores deben ser suficientemente amplos e con pasamáns ou varandas laterais a 90 cm de altura. É necesario que estes pasamáns sexan redondeados e estean separados da parede uns catro centímetros e colocados a dúas alturas para poder ser empregados por persoas que presenten marcha inestable. Ademais débese comprobar que os taboleiros informativos se atopen á altura axustada e as comunicacións impresas en corpo igual ou superior a 14 puntos.

Deben existir cartos de baño adaptados con asadeiros aos dous lados, lavabo sen pedestal, billa monomando, e tanto interruptores como enchufes accesibles en todas as instalacións.

Naquelas edificacións con máis dunha planta, a planificación e distribución dos espazos e das aulas en xeral deberá de ter presente os grupos nos

que haxa alumnado con dificultades de desprazamento, para que este quede sempre na planta baixa. Non obstante, colocaranse axudas técnicas ou ascensores para acceder ás plantas superiores.

Regras básicas de actuación

Unha recomendación moi importante cando nos relacionamos con persoas que se moven en cadeira de rodas é a de non mover nunca a cadeira de rodas sen antes pedir permiso.

Empuxando a unha persoa sentada en cadeira de rodas se tes que parar para falar con alguén, debes volver a cadeira de fronte para que a persoa tamén poida participar na conversación. Se a conversación vai durar máis de algúns minutos debemos sentarnos pois é incómodo fixar a mirada cara arriba por moito tempo.

No caso de que teñamos que facer algunha manobra comunicarémoslla con antelación á persoa para evitar movementos bruscos.

Se paramos, bloquearemos as rodas cos freos e cando nos esteamos movendo por terreo desigual teremos que inclinar a cadeira sobre as rodas traseiras para evitar caídas.

Para subir chanzos, incline a cadeira cara atrás, levante as rodiñas dianteiras e apóieas sobre o chanzo.

Para baixar un chanzo, é máis seguro facelo marcha atrás sempre apoiando a cadeira, para que a baixada se de sen sacudidas.

Para subir ou baixar máis dun chanzo en secuencia, será mellor pedir a axuda doutra persoa.

Ás persoas con discapacidade física que empregan muletas ou bastóns non debemos apurarlles o paso nin premelas, e no caso de que leve algún peso como unha mochila ou bolso debemos preguntarlle se precisan axuda para transportalo.

Na organización da aula temos que respectar os asentos que mellor se adapten ás características persoais deste colectivo, tendo en conta se vai en cadeira de rodas ou se ten dificultades sensoriais asociadas, polo que precisarán lugares laterais, próximos ás portas de saída e/ou preto da mesa do profesor.

A aula debe organizarse con espazos amplos que faciliten ao alumnado moverse con facilidade en cadeiras de rodas, con muletas, andadores... Sempre que sexa necesario solicitaráselle o mobiliario adaptado aos apoios.

3.3 Recomendacións para a metodoloxía didáctica

Algunhas das recomendacións a ter en conta con respecto a metodoloxía didáctica son as mesmas que para alumnos con outras discapacidades como poden ser:

- Facilitar os apuntamentos con antelación.
- Permitir o uso do material técnico habitual empregado polo alumnado con discapacidade.
- Permitir tempos máis prolongados para a entrega de traballos e para a súa exposición oral.

Debe dárselle un espazo ao inicio do curso para que este alumnado poida explicar aos seus compañeiros a axuda que precisa, procurando crear dinámicas relacionais que favorezan unha relación de cooperación entre compañeiros.

Para avaliar a este alumnado o profesorado debe empregar, sempre que sexa posible, as mesmas técnicas e criterios que emprega cos seus compañeiros e compañeiras, sen baixar o nivel de esixencia, e adaptándose nos medios, tempos e recursos.

Como ao resto dos seus compañeiros deberáselle proporcionar información previa do exame, e os seus requisitos, así como os criterios de avaliación.

Cando se cambie de aula para facer o exame debe terse en conta a accesibilidade do edificio e da aula onde se realiza a proba e dispoñer do mobiliario adecuado.

Se o déficit físico afecta á mobilidade das mans ou á fala, dependendo da modalidade do exame, deberemos prover ao alumno dos medios técnicos necesarios ou permitir que acceda a aqueles que habitualmente emprega. Se os medios técnicos molestan ao resto do alumnado deberemos procurar un certo illamento.

Sempre que sexa necesario debe aumentarse o tempo da proba (25% do tempo normal do exame) incluso se debería ter en conta a posibilidade de aprazala ou cambiala de data, debido a tratamentos médicos, revisións e/ou ás posibles estancias en hospitais sempre que se xustifique adecuadamente e se informe previamente ao profesorado.

3.4 Axudas técnicas específicas

É preciso coñecer as axudas técnicas que empregará o alumno, algunhas delas poden ser as seguintes:

- Materiais persoais específicos: manteis antiesvarantes, pinzas, clips, pulseiras lastradas...

- TIC: ordenadores persoais adaptados, programas adaptados, comunicadores de voz, gravadoras, licornios ou punteiros, etc. De cara á exposición do traballo do alumnado ao grupo debemos prever o uso do canón de proxección, altofalantes...

- Materiais didácticos de tamaño adecuado ou coas adaptacións precisas ao tipo de presión ou discapacidade postural.

3.5 Glosario

Alteracións óseas: inclúense neste grupo as fracturas, síndromes conxénitas e enfermidades dexenerativas, que orixinan unha limitación na mobilidade das persoas.

Discapacidades derivadas de accidentes: inclúense fundamentalmente traumatismos cranio-encefálicos e lesións medulares. Dependendo da lesión e a evolución clínica, vese afectada en maior ou menor medida tanto a capacidade de mobilidade como a comunicación e o funcionamento cognitivo.

Distrofias musculares: son debidas a un proceso dexenerativo da fibra muscular que dificulta o funcionamento orgánico e motor do suxeito.

Esclerose múltiple: é a enfermidade neurolóxica máis frecuente entre adultos novos que afecta á sustancia branca do cerebro e a medula espiñal. Os síntomas frecuentes son: visión dobre ou borrosa, debilidade e torpeza nas extremidades, alteración da sensibilidade, vertixe e fatiga excesiva.

Espiña bífida: é un defecto conxénito no peche das vértebras da columna vertebral, que ten como consecuencia diferentes graos de lesión na medula espiñal e o sistema nervioso. Este dano é irreversible e permanente. Isto provoca varios graos de parálise e perda de sensibilidade nas extremidades inferiores, así como diversas complicacións nas funcións intestinais e urinarias.

Parálise cerebral: é produto dunha lesión neurolóxica que pode afectar a diferentes partes do corpo, modificándose o ton, que incide non só nos desprazamentos e as posturas, senón tamén na linguaxe e na capacidade de atención e procesamento da información.

CONCLUSIÓNS DO PROTOCOLO PARA DISCAPACIDADE FÍSICA:

RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Preguntar antes de ofrecer axuda.
- Non forzar a recibir axuda innecesaria.
- Evitar a sobreprotección.
- Non xeneralizar, o comportamento dunha persoa con discapacidade física non ten por que ser igual ao doutra.

REGRAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN

- Persoas en cadeira de rodas:

1 Non tocar a cadeira sen permiso.

2 Avisar das manobras.

2 Bloquear as rodas ao parar.

3 Volver a cadeira para que a persoa poida participar na conversación, se se alonga é mellor sentarse.

4 Se nos movemos en terreo desigual inclinar a cadeira sobre as rodas traseiras.

5 Para subir chanzos inclinala cara atrás, levantar as rodas dianteiras e apoialas no chanzo.

6 Para baixar un chanzo debe facerse marcha atrás sempre apoiando a cadeira, para que a baixada se de sen sacudidas.

- Cando empreguen muletas non debemos apurar o seu paso e se levan algún peso preguntarlles se precisan axuda.
- Na aula, reservar os sitios adecuados para estas persoas.

RECOMENDACIÓNS PARA A METODOLOXÍA DIDÁCTICA

- Facilitar os apuntamentos con antelación.
- Permitir o uso do material técnico necesario empregado polo alumno con discapacidade.
- Permitir tempos máis prolongados para a entrega de exames, traballos...

4. PROTOCOLO DE INTEGRACIÓN PARA PERSOAS CON ENFERMIDADES MENTAIS

Podemos definir as enfermidades mentais como unha alteración, temporal ou permanente, de tipo emocional, cognitivo e/ou do comportamento. Vense afectados procesos psicolóxicos básicos como son a emoción, a motivación, a cognición, a conciencia, a conduta, a percepción, a sensación, a aprendizaxe e a linguaxe. Todo isto dificulta á persoa á súa adaptación normalizada ao seu contorno.

Existen distintos tipos de enfermidades mentais como os trastornos do estado de ánimo (depresión, trastorno bipolar...), os trastornos psicóticos (esquizofrenia, trastorno psicótico breve...), os trastornos do sono, os trastornos da conduta alimentaria, os trastornos da personalidade e os trastornos cognoscitivos...

Normalmente as persoas con enfermidades mentais non se conciben como outro tipo de enfermos físicos senón que se catalogan como persoas raras, difíciles, especiais...

Todos temos probabilidades de padecer algún tipo de trastorno mental, ao igual que sucede con moitos outros tipos de enfermidades. Unha de cada catro persoas sufre un trastorno mental ao longo da súa vida. Aínda que algunhas persoas poden ter máis carga xenética que outras, os factores ambientais afectan de maneira determinante na aparición destes trastornos.

As persoas poden presentar unha dificultade ou outra dependendo do trastorno mental que presente. Polo xeral existen unha serie de trabas que padecen case todas as persoas con algún tipo de enfermidade mental.

En contra do que moitas veces se pensa, as persoas con enfermidades mentais non teñen a capacidade intelectual afectada. Sen embargo, o

tratamento farmacolóxico que reciben pode menoscabar outros procesos superiores básicos como son a atención, a memoria, a concentración...
Por outra banda, a maioría presentan habilidades sociais deficitarias o que lle impide relacionarse satisfactoriamente. Esta situación provoca un enquistamento do problema cada vez maior.
Outro problema que adoita aparecer é a dificultade de adaptación a situacións novas que lles provocan ansiedade. Isto vese agravado na época de exames ou en exposicións orais.
Para intentar paliar estas dificultades e outras que poidan xurdir é preciso que sigamos unha serie de recomendacións moi xerais. É importante tratar a este alumnado de forma natural, evitando os prexuízos e/ou a sobreprotección que dificulten unha adecuada relación.
Tamén é vital respectar a intimidade do alumno/a sobre a súa enfermidade pois sería moi prexudicial que se producise unha "etiquetación" do alumno como "tolo/louco" tan común nestes casos.
Trataremos polo tanto de individualizar o trato e adaptalo ás necesidades de cada alumno en concreto, intentando non premer á persoa.
Como con todas as discapacidades que se tratan neste documento, debemos centrarnos nas capacidades destes alumnos transmitíndolle que temos unha visión positiva deles, o que favorecerá a súa integración e, polo tanto, o seu rendemento.
As persoas que rodean a este alumnado deben estar abertos ás súas demandas e iniciativas, sen dar nada por suposto, pois son eles os que mellor coñecen as súas necesidades, sen esquecer que, en moitos casos algúns enfermos mentais non son conscientes do problema que teñen.
O profesorado terá en conta, ademais, outras recomendacións tamén presentes con outros alumnos con discapacidade, como son:

- Manter unha actitude sosegada e de escoita activa.
- Informar con claridade e de forma regular e sistemática, acerca das actividades que deben realizar.

- Ter previsto a onde recorrer en caso de emerxencia ou situación imprevista.
- Informarlle do horario de titorías e prever que atender a estes alumnos pode levarlle máis tempo.
- Estimulalos no uso das novas tecnoloxías para manter un contacto máis cómodo e continuado (correo electrónico, foros telemáticos en caso de que a materia teña páxina web...)
- Ter en conta que a realización de exposicións ou exames orais pode ser unha fonte de estres moi grande.

5. BIBLIOGRAFÍA E ENDEREZOS DE INTERESE

Alcantud, F. e Ferrer, A. M. (1999). Ayudas técnicas para estudiantes con discapacidades físicas y sensoriales: Las tecnologías de ayuda. En Rivas y López (Ed.), *Asesoramiento Vocacional de Estudiantes con Minusvalías Físicas y Sensoriales.* Valencia: Universitat de València.

Alcantud, F.; V. e Asensi, C. (2000): *La Integración de Estudiantes con Discapacidad en los Estudios Superiores.* Servei de Publicacions de la Universitat de València. Valencia.

Castro de Paz, J.F. (2006). Guías didácticas para la atención al alumno con discapacidad de la Universidad de la Laguna. Publicaciones Institucionales.

Cebrián de Miguel, M.D. (2004): Glosario de discapacidad visual. Ed. Dirección de Cultura y Deporte.

Flujas Leal, M.J. (2006): Protocolo accesible para persoas con discapacidade. Fundación Once. Madrid.

Sánchez Palomino, A., Giménez Martínez, J.J. e Oller Hernández, S. (2004). Guía didáctica para la atención educativa al estudiante con discapacidad. Universidad de Almeria.

Consejos prácticos para la docencia: atención al estudiante con discapacidad. (2004). Universidad de Valencia.

Protocolo de Atención a Persoas con Discapacidade. II Edición. Universidad Autonoma de Madrid.

Portais de Internet sobre discapacidade

CENTRO ESTATAL DE AUTONOMÍA PERSOAL E AXUDAS TÉCNICAS (CEAPAT)

http://www.ceapat.org

COMITÉ ESPAÑOL DE REPRESENTANTES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (CERMI)

www.cermi.es

CONFEDERACIÓN GALEGA DE MINUSVÁLIDOS (COGAMI)

http://www.cogami.es

FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG)

http://www.faxpg.es

FORO DE VIDA INDEPENDIENTE

http://forodevidaindependiente.org

ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CEGOS DE ESPAÑA (ONCE)

http://once.es

REAL PATRONATO SOBRE DISCAPACIDADE

http://www.rpd.es

CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FEDERACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON ENFERMIDADES MENTAIS

http://feafes.com

Outros enderezos de interese

http://www.discapnet.es

http://www.cedd.net